

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VIII — NÚMERO 201 - 1.º Junio 1924

A actualidade galega

Pouco ou casi nada, nos ofrece a actualidade na nosa terra. Dende fai algún tempo ficaron detidas na súa marcha trunfal as vibracións ideolóxicas que facían, aos que por enriba de todo poñemos o amor a terra propia traballando polo seu adianto, concibir espranzas nun próximo e xurdió porvir que devolvese a Galicia aquelas cousas que son inherentes a súa vida e sen as que a non poderá endexamais desenrolar, cal ten dereito como pobo ben definido e raza perfectamente acusada nas súas múltiples manifestacións

A actualidade en Galicia, ao menos publicamente, somella que aquí non hai problemas que recramen unha urxente solución. Parece como se todos aqués problemas que non fai tanto tempo constituían, no desexo de solucionarlos, os prográprimordias de cantos viñanse adicando a conquistar para Galicia milloras e benestar, estivesen xa por obra do miragro compretamente resoltas e tivérase conquerido xa a solución é arreglo de todos e cada ún. E nada mais lonxe da realidade. Non conqueiriu aínda Galicia cantas milloras sonlle precisas para organizar o seu lar e camiñar pola senda dos pobos que son grandes polo seu esforzo e polo seu traballo cando éstes se lles permite desenrolar libremente.

Non imos citar os problemas que precisan de solución inmediata ¡Son tantos e tan conocidos! Véxase se se solucionou algún e se así é dedúzcase da longa ringleira dos que de antes de cote estaban na conciencia de todo los galegos.

Nós coidamos que continúan todos, absolutamente todos. Decepcións a oito brotan de moitos beizos. D'outros a afirmación d'unha sospeita ben fundada. E mentras tanto Galicia sigue sendo a mesma que de antes era. Atafegada co seu longo Calvario somentes a sostén as formidables características da súa raza seguido os privilexios que a Natureza concedeulle e a fé cega no mañán, froito d'un santo amor a ela d'uns cantos románticos videntes entre os que ocupamos nós lugar preferente e honroso

A un amigo morto

(Mensaxes polo aramio invisíbre)

¡Gracias a Deus! Xa iba sendo hora de que te lembraras dos amigos. Dende a tua marcha non voltei a saber mais de ti deica onte que recibin o teu mensaxe.

Ao comenzo tardei moito en enxerguer o que me dis mais despois de o ler varias veces comprendin todo.

¿Queres saber o que pasa polo mundo que deixaches? ¡Ai, amiguiño, fúches un parvo por te morreres! Agora xa non hai remedio e verdadeiramente que si ven é certo que cando morreches fúcheste moi ledo decíndome que non querías saber mais d'este "pícaro mundo" e fíquei eu con algo de envexa por non poder ir contigo hoxe non é así e aproba é que ti mesmo comenzaches a comunicación connigo.

Mais como eu sempre te quixen ben e vexo reconoces o erro da tua soberbia infundada, ao te preocupares novamente do que por aquí sucede, voucho decir.

O que si non quero facer é afondar moito nos comentarios pois non quixera que che sucedera calquer cousa por ter amigos "revolucionarios". Fainos ti ao teu gusto.

Deixo todo isto á tua probada e reconocida discreción.

Pois verás: Aquelo que había cando ti morreches xa non existe. ¿Que non ó crees? Aló ti. Ti lembraste de que denantes falábase moito e o decían moitísimos que Hespaña era un país atrasado, inculto, incruzo bárbaro e que merced á política reinante entón camiñaba a pasos axigantados hacia unha disolución difinitiva. Todo o mundo e staba descontento e ninguén facía outra cousa que falar mal dos que estabau arriba.

En fin: ti lembraste ben porque ti falaches mal do "viejo régimen" e aínda te alegraches de morrer denantes de vivir como se vivía n'aqueles tempos. Pois, chico, a ti serache difícil creelo pero todo esto deu un troquere almente maravilloso.

Casi parece inconcebible que un país onde reinava o amaño a intriga, a incapacidade, onde mandaban os peores poidese trocar tan rápidamente. Agora respírase moralidade a todo pulmón, todol-os beizos teñen de cote oracións patrióticas, mandan os que deben mandar, hai disciplina e os de abaixo obedecemos cegamente seguros e convencidos da certeza e verdade dos mandatos. Agora si que da gusto ser hespañol. Aquelo do terrorismo, do arredismo e demais ismos espeluznantes era pura comedia. Morreron para sempre. Seguramente que nunca existiron mais que no cerebro medoñento dos gobernantes pasados. Somentes houbo agora un asalto n'unha ambulancia de correos d'un tren andalúz que costou a vida a seis desgraciados. Con este motivo o pobo hespañol deleitouse lendo a preciosa literatura que encol do caso fixeron xornás como "Informaciones" e outros.

Esto como verás non ten comparanza co d'antes en que diariamente aparecían varios mortos nas ruas da rebelde Barcelona que, para che dar unha mostra da súa fidelidade e masedume, acaba de donar a El-Rei (q. d. g.) un pazo que custou dazaseis millós de pesetas. Xa véis; o primeiro número da lotería de Navidade e de quince millós e por pillar un anaco d'eles andan tolos durante uns días outros tantos hespañoles. Proba ésto a xenerosidade e desprendimento do pobo catalán.

E cousas de intrés hoxe non che teño mais. Algúns detalles pequenos como son que ó tolo de Unamuno, que algúns mais tolos que el dín que é un sabio, foi deportado por se meter onde non ó chamaban, a Fuenteventura.

Estalle ben empregado. Creese que por saber un pouco de griego xa tiña dereito a decir o que quixera. A Mosén Jacinto Verdaguer fixéronlle unha estatua en Barcelona e no acto, para que vexas, non houbo manifestacións arredistas e falouse no idioma subprime do Manco de Lepanto.

O ambiente xeneral non pode ser mais pacífico.

Se non tes envexa é por que manda en ti a friaxe da morte. Invítoche se queres a gozar un pouco da nosa situación. Pénsao e dimo no teu primeiro mensaxe que agardo non tardará. E hoxe non che digo mais que vou ver un partido de fut-bol. Lembranzas aos que che preguntun por min e para ti unha aperta do teu, eternamente amigo.

VICTOR CASAS

P. D.—Despois d'escrito o mensaxe lembreime de mais cousas que deixo para o próximo pois non quero extender memaise desexo poñerme axiña en relación contigo. Ten pacencia.

Este número foi sometido á censura militar

Do momento

O TRUNFO DA DEMOCRACIA

A Francia liberal, a Francia democrática, volve afin-carse, firme e segura, no posto que parecía en trance d'abandonar n-estes derradeiros anguriosos anos da post-guerra. O loito, a destrucción y-as privaciós impos-tas pol-a careza da vida no período bélico, foron os principás aliados e mantenedores da política de ferro—de ferro candente— que iniciara Clemenceau e continou Poi-caré. Mais xa calmos e serenos os espíritus, axistidos n-outroira por fondos sentimentos humanos e arelas de vida, rexurde potente e xigante, con ímpetu asoballador, a verdadeira alma d'aquel pobo grande, froito escolleito e dourado dos mais preclaros xenios do século dazaoito. Ese rexurdimento é o tributo debido a sí mesma e â aquela parte da humanidade que nos anos 1914 a 1918 coidou na defensora dos principios democráticos e de liberdade, por enriba de total-as comenencias nacionás.

Non podría ser d'outra maneira. A indicisión creada pol-o recordo dos pasados horrores, tivo de resolverse en contra dos que representaban a tendencia ultra conserva-dora y-estritamente egoísta de aproveitarse da victoria pra desatar todol-os odios sobre a nazón rival, sin a mais leve consideración pra os intereses dos demais pobos. E foi agora na Francia groriosa, na fiel continuadora dos enciclopedistas, onde en frente d'a atititude francamente hostil dos alemás, que se pronunciaron nas eleuciós pa-sadas en favor dos representantes d'unha política contra-ria â conciliación franco-alemana, cansos de políticas agresivas, acudiron os cibdadás ôs comicios pra substituir ôs *chanvinistas* do bloc nacional por homes de ideás mais universales e mais humanamente transixentes.

Poincaré, que moi habilmente trata de cohonestar o es-piritu democrático do seu pobo c'ô seus impulsos dic-tatoriás, alentados pol-os "camelots du roi" ô socaire d'unha desorientación das masas, houbo de se rendir an-te a crara expresión da vontade popular.

Xa sabe, dende o 11 de Maio, que a maoría dos eleu-tores, votando os candidatos das esquerdas, decretaron a sua inmediata cesantía como zefe do goberno. E dispo-ñe a acatar a resolución.

Mais, ô que parece, Poincaré non se irá solo. Os depu-tados socialistas eleutos queren impoñer unha sanción o actual Presidente da República, Mr. Millerand, por incum-plimento dos seus deberes constituionás, pois toda Fran-cia está convencida de que él, extralimitándose nas suas funcións, colaborou dende o seu auto sifial, como un mem-bro mais do Poder executivo, na obra do Goberno e alen-tou a política de intransixencia de estes anos derradeiros. E esto, non se pode facer impunemente n-un país demo-crático e conscente. Por eso obrigarán-o a dimitir.

Tras do fermoso espectáculo a que asistimos n-estes pasados meses, n-os que pobos modestos instauran novos réximes onde predomina a vontade popular; en que Inglaterra—única monarquía verdadeiramente de-mocrática— ve erguerse ô cume do goberno a mais carauterizada representación do laborismo y-en que Francia volve sobre de si mesma para esvair d'un soplo o sono imperialista d'uns gobernantes oucecados, non se pode seguir decindo en serio que a hora das democra-cias acabou. Mais que nunca se pode afirmar que o seu

imperio se consolida, que solo elas son capaces de levar ôs pobos pol-o seu camiño do progreso c'ô mínimo sacrificio.

XOXE DE COUTO.

PROEZAS DE GALICIA

Publicamos hoxe un trecho das célebres conversas de dous compadres sobre a guerra da independencia, que he interesante

MINGOTE.—¿E alí tocaban as campanas para saber cando eles viñan?

CHINTO.—Non, que alí trazáronche outra cousa millor. Como che había avanzadas de paisanos en todas partes, nas alturas, cando sabían que os diabrillos viñan, encendíanche us fuchuzos de pallas e er-guíanche nus paus altos, e d'un noutro outeiro, facíase esto con tal presteza que no espazo d'unha hora sabíachese no contorno de cinco ou seis le-guas, e co'esto preveníachese toda a xente, ente-rando primeiro o que podía, e logo íbase reunir aos puntos sinalados. E cando che viñan mil ou dous mil franceses e os nosos paisanos eran pou-cos, estábanche agachadiños e, ao mellor da con-ta ceibábanlle unha boa descarga e fuxían para outra altura, e eles de contado botaban á correr para o monte e atopáñchese co vento; pero ¡quen os vía rabiari!; decíanche eles: "*O futre de la leñe de la montan, salite bali, muchi bali tuti France estar perduti: muchi Brigán, muchi Brigán*, e d'esta disposición che estaba toda aquela terra cando o noso exército baixou por alí para reco-ller xente e engrosarse. Neste estado, quixen vir dar unha volta por acó; pero non sabes o que paseil

A todo bicho vivente que transitaba prendían-cho os paisanos por espía, e si conocían nel a mais pequena sospeita, de contado o mataban (en, â verdade alábolles o feito, porque che había e hai moito pícaro); pero inda que fose un que xustificase ser bô hespañol, non cho deixaban pasar hasta levalo amarrado, como un Cristo, diante dos xefes e éstos tamén che procedían con moito escrupulos co'eles, sin respetar charreteras nin galonés.

MINGOTE.—Eso por acó facíamol-o mesmo, e foinos moi bô, que, por moitos papeis e correos que pesca-mos, soupemos os seus prans.

CHINTO.—Chegueiche, por fin, ao Ribeiro, e atopeiche naquel campo do Carballino tanto paisano reu-nido que non podo figurache, e todos xuntos, alegres como cucos, guiados por Cachamuña, Munín e outros particulares e cregos, tomámos-che o camiño de Vigo, onde había outros tantos gabachos como en Villafranca, e así que eles vi-ron tal caterva de xente, encerráronse dentro, que non lles faltaba mais que poñela nos calzós (xa ti me entendes); con todo â pesar de que se lles entimou a rendición, non quixeron senon fa-cer fogo; pero colleu un machado Cachamuña,

e empezou a derribar, con outros, a porta, enton- ces capitularon: entramos dentro, sacóusel- los todo, e entregáronse ao inglés; pero o chiste foi que viñan catrocentos moi frescos de Tuy para reforzar os de Vigo, e pegamos co'eles de sorte que tamén caeron, mais despois foron os nosos darlle tentativas á Tui, que se non fuxiran os que alí había para Portugal, tamén caían. Non quero decirche nada da nosa fachenda e entusiasmo, moito mais dende que o inglés deunos armas e municions e se encomenzaron á facer reximentos, porque che era moi grande.

XOSÉ FERNANDEZ NEIRA

CONTISTAS GALEGOS

O Pantasma branco

I

Ouvide; a noite é pecha, a neve cobre os campos con branco sudario, os regos están adormentados, os paxaros fuxiron, marcháronse as froes, us árbores sen folla somellaban xigantes esqueletos, cuos brazos móvense cō vento, o lobo oubea coa fame aló ao lonxe, e a curuxa, cal fuxitiva visión, pasa chirlando e destacándose entre as sōmas.

Nun curruncho da lareira está sentada Xuana. De vez en cando para de fiar, pra meter de baixo do pote os pite- los que o lume vai consumindo.

Xa fai tempo que a cea está amañada, e o pai contra o seu costume non viña

Ao reflexo do lume pódese ver.

Os seus cabelos son loiros cal unha presa de espigas, ou cal as rayoliñas do sol que se quedaran presas nas azuceas das suas meixelas. Os seus beizos follas de rosa son que ao axitalas a bris do seu alento amostran oculto ramallo de blancas Margaridas. Para os seus ollos non hai comparanza posibre: á cōr d'eles somella a da fror do lirio, mais son tan bondosos, que neles adiviñase todo o candor da infancia.

Así pasou algún tempo; ela morría de impacencia, o seu pai nunca tardara tanto e comezaba a ter medo.

O vento xumiaba xordamente nas ventans e o tarabelo da porta cuasque non podía resistir o seu empuxe.

De súpeto abriuse ésta e unha racha de vento matou o candil e deixou todo ás oscuras.

—Pai...—dixo coidando que era él, mais non poido con- tinuar; tapáronlle a boca ao mesmo tempo que us brazos vigorosos a collían

Despois ouvironse os pasos d'un cabalo que fuxía velozmente.

Ao outro día os veciños do pobo toparon a casa de par en par aberta, e nunca mais volveron saber qué fora dos seus donos.

II

A noite era crara e fermosa, os anxeliños andaban al- cendendo os faroliños do ceo, e a lua dende seu trono de marfil e nacre surría bondosamente.

No terrado do castelo vese unha branca visión, que xu- miando mira para o ceo.

Pensaríase ao vela, que era un querube castigado que lle pedía á virxe lle perdoase.

Era tan branca, tan brenca, que se duvidaba s'era unha rayoliña da lua que se reflexaba nun xirón de néboa.

Detrás d'ela apareceu ún home.

Se é certo que houbo un anxo rebelde, a sua cara debía ser como a d'él.

Era fermoso, mais d'esas fermosuras que poñen medo ao mesmo tempo que namoran. Os seus ollos negros so-

mellaban lóstregos que brillaban fosforescentes na escuri- dade da noite; o seu caris era moreno e nel destacábanse us beizos de sangue sombreados apenas por lixeiro bozo. En fin, para romatar diremos que era un d'eses tipos ar- dentes e libidinosos, un d'eses tipos nos que a través da sua fermosura de anxo adiviñase un curazón croel, á pesar do cal as mulleres mórrense por eles e adóranos con loncura.

Largo tempo estivo mirando para ela sen que ela o vise; por fin apcebíuno e un berro agoniante escapouse do seu peito ao mesmo tempo que retrocedeu.

—Xuana, ¿porque fuxes?

—¡Croel!

—¡Ouh! Chamádesme croel a min... á min, que por vos non ver derramar unha bágoa daría canto teño.

—¿Entonces para qué me tedes aquí?

—Porque vos amo, porque vos adouro mais que adou- rar debe á Deus o que nél eree...

—Pois ben, se me queredes como decides, ¿por qué me non volvedes á meu pobo, donde a herba cobre a campa da miña naiciña?

—¡Ouh! nunca, nunca, porque eso sería vos perder para sempre!

—Piedade, señor, piedade.

—Tédea vos de min.

—Xuana, Xuana ¡quérote tanto!

—A vos sóbranos mulleres, a vos...

—Mais ningunha tan fermosa como ti—e alzando a coi- tada nena nos brazoo, pousou seus beizos luxoriosos n-aqueles labres de rosa e fixo eshalar á Xuana un berro que lle arringou o pudor e a solpresa.

Entonces a corza convirteuse en leona, mais de nada lle servía; aqueles hrazos nervosos e febriles apreixábana c'unha forza que un mundo de deseos faguía aumentar, aquel corpo cinguíase á ela como as cobras ás árbores, e na sua cara sentía un alento cálido e ardente que a envol- vía nunha atmósfera enervante. Noustante ela loitaba e a desesperación dáballes forzas, mais hastra a loita iba en contra d'ela, pois desgarrándose os seus vestidos, deixa- ron ao descuberto un seo que a mesma Venus tivera cobi- za d'él.

Por fin escurriuse dos seus brazos e rápida abalanzouse ao parapeito do terrado que se erguía sobre horribres precipicios.

—Se adiantas un paso mais, guíndome d'aquí embaixo— dixo con voz trémula pol-a indinación.

O conde quedouse quedo e ruxiu de rábea.

Ela cada vez estaba mais guapa e mais incitante; d'aque- les brancos vestidos que lle puxeran ao vir ao castelo, soilo restaban uns xirons que a medias cochaban o seu corpo; e que soilo servían para resaltar mais a brancura d'aquelas carnes.

O conde bruaba de impotencia e deseos.

—Ti o queres; sea; ben sabe Deus canto me pesa o re- currir á este medio, mais ti non queres amarme por ben, e terás que ser miña por forza.

Deu un berro e un paxe presentouse, o cal despois de recibir algunhas ordes desapareceu.

Pasou algún tempo e entraron catro homes, no medio dos que viña un vello, que ao mirar para adiante e ver aquela muller que medio espida erguíase ante él, parouse, duvidon, lebóu as mans á cabeza, e lanzándose para diante berróu:

—Xuana..., miña Xuana—e duas bágoas sairon pol-as suas queimadas faceiras, mais non pudo chegar onde ela estaba, por que o suxetaron.

—¡Pai... pai da miña alma!—berraba tamén a probe Xuana, mais sin se estrever a soltarse de onde estaba.

Soilo unha gargallada seca, irónica, vibrante, respon- deulle:

—Agora tes a vida do teu pai nas miñas mans. Decide: ou eres miña ou teu pai morre.

¡Infame!... Virxe santa... ¿qué farei?... miña honra... meu pai... ¡Nai querida! ti que me ves dende o ceo... dime... dime o quei faguer?...

¡Que viva, que viva o meu pai!...

¡Ouh! eso nunca, nunca!—dixo éste, e rápido ceibándose das maus que o tiñan preso, colleu á Xuana pol-a cintura e dixo:

¡—Condé maldito, antes que a deshonra da miña filla, prefero mil mortes!... e lanzouse no espazo coa sua filla.

III

Ao outro día, os labregos que gardaban o gando fuxiron espantados.

Pol-as cercanías do castelo rondaban un fantasma branco, cuías formas só se devisaban confusamente cal se fose un anaco de espuma.

Unha noite estaba o conde paseando soilo pol-o terrado. De súpeto sintiu á carón seo un rocc como o das áas d'un paxaro, e un sopro de vento, frío tan frío que lle entrou hasta a cana dos ósos. Mirou e soilo viu unha gran nube branca que erguéndose donde él estaba parés que chegaba ao ceo. Aquela nube pouco a pouco foise iluminando; no centro d'ela fóronse destacando os contornos d'unha muller fermosísima que medio desnuda tendía cara a él os seus espidos e torneados brazos ao mesmo tempo que lle sorría con amor.

Un berro agudo se eshalou do seu peito: n-aquela muller tiña reconocido á Xuana, que viña mais fermosa que nunca e que en vez de fuxir d'él sorríalle amorosamente.

—Ven, ven—decía a branca visión—Ven aos meus brazos, ven que te amo—e ao mesmo tempo enroscábase á él e os seus brazos case o afogaban

El quería fuxir e non podía; aquela néboa que envolvía á Xuana tamén o envolvía a él e levantaba á entrambos pol-o aire.

Eles subían, subían, o castelo xa non se vía, cando soou unha gargallada, mirou, e en vez da fermosa Xuana soilo viu un esqueleto que o abrazaba e que cos descartados dentes bicábao frenéticamente.

Cheo de horror pechou os ollos: cando os abriu sentiuse rodar pol-o espació e aló lonxe viu unha cousa branca, branquiña, que subía para o ceo...

Ao outro día cando despertaron os peisanos atoparon o castelo feito ruínas; toda a sua xente tiña desaparecido.

A calquera veciño de Reboredo ou Seixalvo que lle preguntedes, amosstraravos na serra unhas penedas cobertas pol-o musgo e pol-a edra, ás que o pobo chama "Torre vella" e onde crêen ver de vez en cando o "fantasma branco"

HERACLIO PEREZ PLACER

Pensamentos de galegos ilustres

O tempo é o grande teatro onde se representan todol-os sucesos, pol-o mesmo é o tempo o que decide entre o presumido e o realizado.

ALONSO LOPEZ

A aptitude das nosas facultades para toda mellora, e o desexo innato, ardente, eterno de apirar ao ben ausoluto, maniféstanos que a perfeición é unha da nosa esistencia individual e o progreso unha lei da nosa esistencia colectiva.

COLMEIRO

Para o vô do pensamento non hai cadeas, como para o xiro do sol non hai oustáculos.

RUA FIGUEIROA

Un sistema político non é unha doutrina.

MANUEL ANXEL

FESTAS GALEGAS

Agrupación Artística Gallega

En Cuba, onde tantos miles de galegos viven, onde tanto poden axudar ao engrandecimento do noso arte, a Agrupación Artística Gallega ven laborando con tesón e agarimo para dar á conecer todas aquelas obras dramáticas que en Galicia outiveron xa a sanción do público.

Así despois de "Estadeíña" de Lugo "A Man de Santiña" de Cabanillas e outras, subiu agora á escena "Trebón" de Cotarelo. Non podía ser d'outra sorte porque "Trebón" é unha das mellores obras do noso Teatro, e o éisito outido proba unha vez mais como as cousas que valen enchen de entusiasmo ao público, que apraudiu nesta función apasionadamente.

Ben pol-a Agrupación Artística Gallega, á que enviamos o noso aprauso vehemente co saúdo mais íntimo e glorioso. ¡Terra a Nosal!

O coro "De Ruada"

Esta notabre e popular agrupación celebrou en Orense un festival enxebre que foi un novo éisito para a colectividade.

A seición de declamación estrenou unha obra nun acto do celebrado Xavier Prado (Lameiro) titulada "Os trascordos de Mingos" que mereceu grandes gabanzas e moitos aprausos pol-as escenas cheas de gracia e pol-os chispeantes diálogos que adornan a comedia, unha das mellores do apraudido autor.

Tamén estreñose un monólogo do mesmo autor que foi recitado admirablemente pol-o Sr. Rodríguez de Vicente que colleitou moitos aprausos.

Os gaiteiros do coro Sres. Santalices e Sanchez interpretaron moi ben alguns fermosos aires galegos, e o primeiro tanxeu a zanfona acompañando algunhas cántigas que gustaron moito.

Tamén o coro cantou como sempre con gusto e afinación, constituindo a velada unha agradabilísima festa galega que rematou co himno, pechándose así a velada con broche d'ouro.

Ecos da Terra

Sabemos que no Ferrol constituíuse un novo coro galego co título que indicamos.

Esta nova agrupación artística formada por xentes amantes da Terra e do arte rexional prométense facer unha campaña en pro da nosa música e dramática.

Frores e Silveiras

En Lugo, onde tan boa lembranza deixou aquel coro que se chamaba "Cántigas e Aturuxos" fundouse outro co nome de "Frores e Silveiras" constituído por elementos do Orfeón Gallego.

Con bós elementos e con gran cariño hacia Galicia e o seu arte, agardamos tamén unha intensa labor d'esta nova agrupación.

En poucas verbas

O Sr. Arzobispo Dr. Manuel Lago González é un grande poeta, un cultísimo amator do idioma galego e Académico de número da Real Gallega.

Agardábase que a Academia organizase en honor d'este seu membro de calidade que se atopaba na Cruña algún acto dino de colectividade.

Si ¡boa está a Academia para celebrar octos! Cos directores que ten á calquera hora vai organizar festas literarias.

Porque o presidente pode lucir unha levita e mais unha chistera, pero fala en académico. ¡Vaiche boa!

* * *

O Sr. Rodríguez Viguri negouse a ser mantêdor dos Xogos Froraes que se celebrarán en Compostela.

Atopamos xusta a actitude d'ese ilustre prócer, que pol-o visto non quer ser galego.

Os versos do gran Anón "a unha galega renegada" están sempre de actualidade.

E folgámonos da dicisión tomada. E o mellor que puido imaxinar para non estoupar ridículamente na festa que se proyeita.

Unha gran idea

A Exposición Galaico - Americano

O semanario "Región Gallega" lanzou a idea de celebrar na Cruña unha gran exposición Galaico - Americana.

Algunhas entidades e persoalidades cruñesas adheríronse á idea, e nós, que sempre que se trate de honrar á Terra e de laborar pol-o seu engrandecemento estamos dispostos á facelo, non podemos deixar de nos sumar tamén con todo entusiasmo.

Vai sendo hora xa de que na Cruña, como capital que é de Galicia, se pense en grande e se trate de demostrar que ten condicións para dirixir e fomentar a riqueza da rexión, dándolle á sua vida toda a intensidade de traballo e froecimento que son necesarios nos tempos modernos.

Parécenos moi ben a idea da Exposición e coidamos que realizándoa con toda a amplitude e grandeza que require non deixará de render o froito que conven a Galicia; mais e comenente pensar en que, pois se trata d'unha exposición galega, á facer na capital da rexión, debe presidir en todo canto se manifeste a personalidade característica de Galicia.

Entre os edificios que se construyan non debe faltar, por exemplo, un "pazo do arte galego". En fin, é necesario comenar a xusgar as nosas cousas como dinas de se engrandecer, de se presentar á admiración de propios e extranos; de considerar que á Galicia para ser o mellor do mundo non lle falta mais que contar coa voluntá dos galegos. E todos, todos en ausoluto podemos contar coa propia voluntade para laborar pol-o ben da nosa Terra.

Verbas de Mac - Donald

N'un discurso recentemente pronunciado polo Xefe do Goberno inglés dixo o seguinte:

"Para obra de reconstrucción de Europa é necesario apelar non so as grandes potencias senón tamén aos pequenos pobos.

As grandes potencias pisotearon cos seus formidables exércitos, todos os pequenos Estados quedando éstos sumidos na miseria máis profunda.

LECTURAS

Ronsel.—Revista de arte.—Lugo.

Chegou a nós o primeiro número d'esta revista que dirixe o noso irmán Correa Calderón. Conta co'a colaboración de moitos literatos galegos, portugueses, catalás franceses e hespañoles. O primeiro número agradounos moito. Pubrica traballos interesantes avalorados por firmas de moito prestixio. Vemos con grande compracencia a inserción de varios traballos en galego labor que fará en todol-os números.

Saudamos con fonda compracencia á nova revista e cobizamos para ela unha longa e próspera vida.

A Academia Gallega

Non quixeramos volver a ocuparnos do asunto da Academia referente á elección de Presidente pois d'abondo dixemos e cristaiñamente espuxemos o noso pensamento. Pero non podemos resistir a tentación ao lér o boletín da Academia correspondente ao 1º de Maio no que fala da designación do Sr. Ponte Blanco. E avergoñados temos que confesar o noso erro. Dixéramos, por desconocimento, que o Sr. Ponte Blanco non fixera ningunha obra, nen tiña méritos para ocupar o outo sitial que grorificaron Murgia e Martínez Salazar. Mais he aquí que non pasou moito tempo en que necesariamete e por que nobreza obriga, temos que confesar e decir publicamente que estábamos compretamente trabucados. O Sr. Ponte Blanco según nos di o boletín da Academia ten sobradísimos méritos para presidila.

¡Pobre de nós que non o sabíamos e cometimos tamaña inxusticial

Da mesma maneira que entón combatimos á sua elección, hoxe, xá con mais conocemento, temos que reconocer que realmente ninguén mais capacitado e con mais grandes méritos que él para presidila. E non somentes reitificamos publicamente o que dixemos senón que ademais imos decir os méritos do ilustre e nunca igualado presidente. Son éstos:

Foi socio fundador do Centro Gallego da Habana. Deu crases gratuítas n'aquel Centro. Presidiu a Asociación da Prensa, Sociedad Filarmónica, Circo de Artesanos e outras entidades locás. Foi Alcalde da Cruña. Ten unha gran vountade, un extraordinario don de xentes, unha sólida cultura, un firme desexo de acerto e un entusiasmo sen límites. E moi simpático.

Como publicista débese ao señor Ponte Blanco obras técnicas notabres de moita importancia, como son, entre outras o "Tratado de Carreteras y Ferrocarriles" e o "Tratado práctico de Estereotomía". Polo visto fixo tamén obras de carácter literario, social, cultural e agrario pol-as que lle foron concedidas a cruz de Alfonso XII e a "Encomienda de Número de la Orden Civil del Mérito Agrícola" mais como nós non as coecemos, nin dá os títulos o boletín, lamentamos profundamente non poder falar d'elas.

Ahí tedes os méritos que adornan ao Sr. Ponte Blanco e que vimos citados no número 161 do boletín da Academia.

¿Hai alguen que crea que non son d'abondo para presidir a Academia que según din os seus estatutos creouse para traballar polo desenrolo e estudo das artes, idioma, costumes, literatura e demais aspectos da vida de Galicia?

Todo o que fixeron Carré Aldao, Luguís Freire, Florencio Vaamonde, Rodríguez González, Martelo Paumán e outros, por non citar mais que os que residen na Cruña, foi perder o tempo da maneira mais lastimosa. Se se dedicaran a comer morrillo podían hoxe presidir, calqueira d'eles a Real Academia Galega.

AXIÑA APARECERÁ

LAR

REVISTA LITERARIA

PUBRICARÁ QUINCENALMENTE

UNHA NOVELA ORIXINAL

E INÉDITA

DOS MELLORES ESCRITORES GALEGOS

SEMINARIO DE ES

A EXPOSICION

Mentras estivo aberta en Santiago a exposición do noso querido irmán Castelao pronunciaron tres notabres conferencias Lugrís Freire, Angel del Castillo e Antón Lousada Diéguez. Pubricamos a continuación unha reseña de cada unha d'elas.

A de Lúgrís Freire

Comenzou o conferenciante dando as gracias por ser admitido como membro do Seminario d'estudios galegos. Gabou ao presidente d'esta institución, o Sr. Cotarelo, e dixo que o estudio dos nosos valores é o único camiño pra chegarmos a conocelelos e amalos.

Despois de falar dos seus traballos literarios na Habana, na que publicou o primeiro xornal en lingua gallega na América, e onde se imprimou "Soidades, tornou á terra nativa. A falta de enxebriño fireu o seu corazón, e queixándose d'esto foi cando tivo coñecemento da existencia da Cova céltica, que tiña a súa sede na librería de Carré, na rua Real. Alí xuntábase de cote Evaristo Martelo, Marcial da Igrexa, Eladio Rodríguez González, Salvador Golpe, o devandito Euxenio Carré Aldao, Urbano González Varela, Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía e o bardo gregorioso Eduardo Pondal. Alí foi recibido Lúgrís, coma un irmán xa coñecido e amado, e aquela Cova foi a universidade inequiescente onde se afirmou a fé que na causa e redención da terra ardía na alma do conferenciante.

Desde entón a amizade có Bardo quedou establecida, e na primeira parte do seu discurso estuda as feitura personais e as características espirituales. Ensoñación do bardo, aficións contradicorias nas que se adiviña unha alma ateigada de diviña poesía, devoción d'enxebreza que podemos chamar proto histórica porque se refire aos tempos heróicos dos tempos célticos, do fogar de Brigo, todo eso, en anécdotas orixinás, relatounas o conferenciante con verdadeiro cariño e respecto. Fixo remarcar as características amatorias do poeta, citando os versos inmortales en que Pondal fala encol d'este creador sentimento, no que ningún outro poeta galego foi tan expresivo.

E pra rematar esta parte do seu discurso, recitou aquela composición bárdica, en que o poeta fala das súas feitura decindo "que si está tolo, está tolo de amor" e que él "parece un pino leixado do vento, parece botado do mar de Niñons".

Analiza a obra literaria do Bardo, estudando o sentir xeneral na época da súa mocidade, cando imperaba en toda Europa o espírito revolucionario en senso liberal, pero ateigado d'unha aspiración á uniformidade, de que foi bon exemplo a constitución hespañola do ano 1812, que, enxergada ao modo estranxeiro, tan mal cadraba coa existencia das nacionalidades que por leises inmutables da vida foron creadas.

Naturalmente, Pondal foi consecuente con aquel ambiente; e a súa vida como poeta deu comenzo n-aquel banquete histórico de Conxo, en que estudantes e obreiros, con asombro das xentes que xa entón se chamaban de orden, déronse un abrazo de irmans e xuraron defender os principios da liberdade. N-aqueles días as prédicas de Cavour e as doutrinas de Manzoni tiñán mais influencia sobre dos espíritos que a realidade das verdadeiras libertades colectivas. Os versos de Pondal, eran, pois, en castelán; e o seu primeiro libro chamouse "Rumores de los Pinos". Se non fora porque n-el figuraba "A Campana d'Anllons", o libro houbera caído no esquecemento.

Pondal, sigue dicindo Lúgrís, desapareceu de Santiago e refuxiouse durante moito tempo na súa casa petrucial de Ponteceso. A súa Alma, á vista forte e rexa terra de Bergantiños, poboada pol-a podente raza artábrica, cinguida de verdecentes pinos e mares verdadeiramente masculinos, debeu entón sentir a inspiración Assiánica, coindando que él era verdadeiro descendente do rei Fuigal, e que a coroa de Miliesio agardaba aínda pol-o varón "de corpo cumprido e lanzal", que a acadase para dirixir unha terra que tiña dereito a súa persoalidade. Cando o Bardo saeu de Ponteceso morrera n-el toda a vella ideoloxía de xeito xenérico. e acendera a súa alma no pobrema sintético e específico da patria dos galegos. A primeira composición que entón publicou, foi unha enérxica e baril reitificación, qu'empezaba dicindo:

"A lingua tiveron
Por lingua d'escravos,
Esquecerán os patrios acentos
Suidos os e brandos...

E desde aquela comenzo a labor trascendental, esgrevia do verdadeiro poeta, que abrangía todol-os problemas da Nai Terra, o os seus cantos todos son verdadeiros hinos de redención.

Foi entón cando o Bardo sinteu a quentura mesiánica, cando se figurou que algo sobrenatural o empuxaba. As visións d'un pasado lonxano enchían a súa mente, e non quería morrer xa en brande leiteo, cuberto de rosas, senón como o forte Leonides, apreixando na man o rutilante aceiro, "que verte gota a gota". Tivo tamén a revelación do seu outísimo valer, revelación nascida do cramar que entre a intelectualidade levantaban as súas estrofas inmortales: E lóxicamente, figurouse que él era o centro do sistema planetario da nosa literatura, de tal xeito que unha crítica despectiva de calquer poeta magoáballe por que todol-os escritores de lingua galega eran seus apóstoles.

A lingua vernácula era todo pra él. No seu novo xurdimiento, verdadeiro avatar en que sentía a alma de Breogau, foi a súa mais fonda labor e preocupación, nidiar e ennoblecer o verbo patrio.

Tan convencido estaba, e con razón, de que a súa misión fora cumprida que ao morrer as súas derradeiras verbas foron: "Décheme unha lingua de ferro, e déixoche unha lingua d'ouro".

As composicións posteriores á publicación de "Queixumes dos Pinos", son superiores, se esto é posible, a todo todo canto levaba feito. Véxase senón aquela poesía que escribiu nos días en que as "Irmandades da Fala" viñeron a vida:

"Xa chegaran os días
Que os bardos anunciaban,
Das gandra largacías
As brétemas escuras s'alongarán.

Esto revela como a súa musa comenzo a calor da mocidade e o fondo baril e clásico do seu avoengo literario.

Fixo saber tamén o conferenciante que a Real Academia é a herdeira dos seus traballos póstumos, entre os que figuran as poesías líricas "Dos servos" e o poema heróico "Os Ecas". Cando estos libros s'imprenten, que será axiá, Pondal ocupará o outísimo posto de poeta esgreviamente nacional.

Fixo, finalmente, a crítica sintética da obra literaria do bardo, e principalmente das obras póstumas e non publicadas; e fixo tamén comprender a finalidade do poeta que enseñou á mocidade o camiño a seguir.

ESTUDIOS GALEGOS

DE CASTELAO

Pondal estaba convencido da misión que Galicia ten que cumprir no mundo como pastor étnico, do que non se pode prescindir se o progreso ha de ser integral e xusto.

Deus, ao crear as leises que rixen a vida, ao dar fisonomía e lingua á cada terra, non nos deixou unha relación de pobos libres e pobos escravos. Nos seus altos desígnios, á todos os fixo fillos cós mesmos dereitos. Querer someter e torturar o espírito d'un país dentro d'un molde que non s'axusta á súa cultura, é o mesmo que pretender a rectificación da obra de Deus.

A de Castillo

O presidente do Seminario D. Armando Cotarelo fixo a presentación do conferenciante baixo o dobre aspecto de arqueólogo e historiador en cuíos estudos destacou sempre brillantemente o Sr. Castillo.

Despois de unhas frases de agradecimento pol-as verbas do Sr. Cotarelo e pol-os aprausos con que foi saudado, e logo de adicar as xustas gabanzas aos dibuxos de Castelao que tan maravillosamente retrata os tipos e os espíritos galegos, o Sr. Castillo deu lectura ao seu erudito traballo.

Di que a caron das fichas e papeletas do noso idioma que figuran nos arquivos, deberán tamén figurar as papeletas das nosas investigacións históricas.

Aludindo á reconstitución do noso pasado, na que tanto, se ven lavorando, di que os nosos historiadores e críticos déixanse levar pol-o seu amor á Terra nativa que algunhas veces fainos ser inxustos.

Tal socede co conde D. Munio Peláez, mal xugado e peor comprendido, a xuicio do Sr. Castillo, efecto das variadas concausas que tendían a desfigurar os feitos de aqueles turbulentos días do século XII en que as pasiós encontradas chegaron a nos presentar como movida por bastardas cobizas a gran figura do conde de Trava, ao que sómente guiaba o desexo de reconstituir o reino de Galicia con Alfonso VII e gobernar no seu nome.

Di como o Sr. Moreno Espinosa, na súa Historia de Hespaña, presenta o conde de Monterroso como atacando e roubando os viaxeiros nos camiños. Fala tamén do discurso de entrada na Academia da Historia de D. Vicente Lampérez, no que presenta a D. Munio como xefe d'unha banda de malfeitores aristocráticos de Galicia, dicindo que D. Munio Peláez fixo no seu castelo de Iso un centro de bandidaxe.

O ilustre López Ferreiro tamén presenta ao de Monterroso d'este xeito: "Saiu do seu castelo cal ave de rapiña para atacar os camiñantes e despois deles de canto levaban" o Sr. López Ferreiro chama ao seu castelo "niño de bandidaxe".

En brillantes párrafos traza a biografía de D. Munio Peláez, ao que considera como un dos manates que mais interviron nos sucesos desenrolados na nosa Terra na primeira metade do século XII, na que tan crara e difinida naniféstase a persoalidade de Galicia.

Estima que ás diferencias políticas dévense sómente as tintas que ennegrecen a memoria d'ese ilustre prócer galego, de nobilísimo linaxe e en parentesco, pol-o seu casamento, coa podente casa dos Trava.

Fala elocuentemente dos tempos en que o pobo de Santiago amotinouse contra D.^a Urraca, e Xelmírez e en violenta rebelión faise dono da cidade en tal forma que foi mester sitala con total-as forzas que tiñan os nobres.

Neste combate distinguíuse D. Munio atacando a cidade. Refírese como D. Munio, que sempre sirvira fielmente a D.^a Urraca, quizais farto das veleidades da reina, negouse a seguir sendo xoguete d'ela, o que foi causa de que a reina o mandara prender, e sómente recobrou a liberdade á costa da entrega d'algús dos seus castelos.

Esténdese en detalles para acrarar a vida de D. Munio, demostrando o erro das afirmacións dos Sres. Montero Espinosa e Lampérez, inda que non é estrana en xentes alleas cando tamén algún historiador galego con notoria lixeireza tamén as fai guiado por un apasionamento inxusta e interpretando á súa maneira as verbas de "La Compostelana", na que por encumar mais á Xelmírez non se vacilou en desprestixiar a nobres tan leales á causa de Galicia como Peláez e o de Trava.

Romata demostrando como o conde de Monterroso estivo sempre o lado da xusticia, e decindo que cantos amén á Galicia deben velar pol-o conocimiento mais exacto do noso pasado e pol-a debida xusticia e reparación que se debe aos nosos homes.

A de Lousada Diéguez

O noso querido irmán que foi presentado polo noso querido irmán escolleu, como tema para a súa notable conferencia. "Oservacións encol da prosa galega"

Comenzou falando da exposición de Castelao decindo que significaba unha xurdia manifestación de fondo galeguismo e amor á Terra que animaba para seguir loitando sen repouso polas liberdades de Galicia e polo seu adianto en todol-os aspectos.

Falando da língoa galega dixo que así como na poesía está grandemente cultivada non o é tanto na prosa aínda que n'estes derradeiros tempos téñase escrito mais que en todo o tempo que tén de existencia. Dixo que nunca como hoxe houbo tantos escritores que a cultivasen non debéndose este feito a probeza do noso pensamento manifestado sempre na arte dos escollidos e na popular.

Estudia as circunstancias adversas porque pasou Galicia na época medioeval ao cultivo das ciencias e da filosofía e as causas que obrigarón a que o noso idioma quedase simplemente como expresión da nosa vida mariñeira e labradora.

Di que si Feijóo e Sarmiento non viviran nos estériles tempos universalistas do século XVIII hoxe teríamos perfectamente dextenrolada a prosa galega.

Ao falar da teoría universalista señala dous erros o de coidar que as linguas son instrumentos para se entender millor os homes e achacar a súa importancia no seu propio vocabulario. Ningunha idea xunta tanto aos homes como a semellanza ou igualdade dos sentimentos.

As linguas son feitas mais que pol-as palabras polos seus xiros e modismos especiás e sobre todo a pronunciación que considera como a alma dos idiomas.

A riqueza do léxico galego hai que a buscar no tesouro aldeán e levalo despois pola metáfora á filosofía e ás ciencias.

Fala das xentes "bien" que xuzgan trábucadamente as verbas galegas polo seu orixe labrego iñorando que o que o que eles usan son aínda mais plebeyos e de menos limpa procedencia.

Así como a ningún idioma se lle tachou de probe por se apropiar o linguaxe centífico pola mesma razón ten dereito a apropialo o idioma galego.

Remata dicindo que e necesario cultivar fundamente a nosa prosa e da lectura e unha tradución sua do Italiano para demostrar que no noso idioma poden ser tratados os mais grandes aspectos das ciencias e da filosofía.

Os tres cultos conferenciantes foron longamente apraudidos e felicitados polos seus interasantisimos traballos. Enviámoslle nós tamén as nosas entusiastas felicitacións que facemos extensivas ao benemérito Seminario de Estudos galegos honra de Galicia e organizador d'estos actos fermosos e de fondo galeguismo. Así trabállase pola Terra.

Xan Gallego

*N-unha aldea de Galicia
de onda o Miño naceu Xan.
Era fillo d'unha probe:
un pobriño era seu pai.*

*De pequeno, coitadiño!
tivo qu'ir gañar o pan,
e de mozo traballaba
na laboura sin folgar.*

*—Meu filliño, lle dicía
moitas veces sua nai,
vas morrer s'é que non podes
algun día traballar.*

*Miña nai, non teña pena
pol-o día de mañán.
Dios é pai dos que non teñen,
Dios dirá.*

*Xan Gallego xa era grande
y-era a gloria do lugar
Por bo fillo, por bo mozo,
por honrado e por legal.*

*Unha vez foi cara a vila,
e dixerónlle os d'alá:
—Xan Gallego, eres soldado;
deixa a casa de teus pais.*

*C'un fusil marchou a guerra.
Dios que nobre militar!
vinte veces o feriron,
si tal vez non foron mais.*

*Unha vez chegoulle ao campo
unha carta de sua nai:
—meu filliño Dios che traya
do servicio forte e san.*

*Teu paiciño estache vello,
xa non pode traballar;
que será de ti, si volves
c'unha eiba, pobre Xan?*

*Tras os anos de servicio
forna a casa do lugar
y-unha vella sai a porta...
c'un vestido negro sai.*

*—Meu filliño estouchesola,
dinlle a vella á sospirar;
teu paiciño morreu onte
y enterrouse esta mañán.*

*—Miña nai non teña pena;
bo cristiano era meu pai:
Dios axuda os que non teñen,
Dios dirá*

*Xan pasaba todo o día
na laboura á traballar,
que non houbo en moito tempo
millor brazo e millor man.*

*Sementeira qu'el facía
era cousa d'alabar;
veigas d'herba que segaba
non podían render mais.*

*Nos traballos e fatigas
nunca o pé volveu pra tras
y-en honrado e bo veciño
ninguen ll'iba mais pr'alá:*

*Bo cristiano e bo gallego
pol-a noite á pé do lar,
no rosario unha lembranza
adicáballe á seus pais.*

*E dicía moitas veces
o seu dito, en santa paz:
—Dios é pai dos que non teñen
Dios dirá*

*Xan Gallego foi velliño,
e non puido traballar;
Xan Gallego tivo fame
e ninguen lle daba pan.*

*Quixo andar de porta en porta
pol-as casas do lugar;
mais as pernas n'o levaban,
e sentía cortedá.*

*Entón viñanlle a memoria
as palabras de sua nai:
—Vas morrer s'é que non podes
algun día traballar.*

*Mais volvía ao ceo os ollos
e decía: Probe Xan,
Dios é pai dos que non teñen
Dios dirá*

MANUEL LAGO GONZALEZ

FALAS DOENTES

*—Dous empregos non chegan a nada,
tés qu'ir á mercar,
nin hai leite pr'os nenos
n'estrume pr'as terras botar!*

*—Falas ben miña dona,
ben falas, n'hai duda que sí,
¡como cartos houbera!*

—¡Emprestados os podes pidir!

*—¡Emprestados! ti mira no espello
do noso curmán,
si buscara limosna nas portas
ganaba inda mais...*

*¡Usureiros!... malditos sean e es,
e os leven os diaños.*

*de parar na sua man... Dios nos libre,
e a Virxen, e os Santos!...*

*Mais ben sei o romedio.
pr'América voum'eu marchar,
ver si proban os aires aqueles,
mellor que os d'acá...*

*¡Marchóu!—que nunca marchara
pra xa nunca mais volver:
quedou sin pan pr'os seus fillos,
aquela probe muller:*

*E de contra, moz'ainda
tivo soliña que andar
pidindo, pol-os camiños
un bocadiño de pan...*

MARQUÉS DE FIGUEROA

Incongruencias

Decídesme que escriba algo, meus irmas, e tanto tempo levo sin cumprir a vosa orden que teño de faceros unha confesión. Esta confesión sacrifica toda a miña sona literaria. Mais eu son de *pau de héroe*, e sacrificóme gustoso para quedar a ven con vos. Direivos pois caladiñamente, que cóstame moito traballo escribir. Non por doenza nas mans, sinon porque pra min unha idea é unha *rara avis*. Hai veces que despois de morder o lápiz concenciudamente, despois de fumar como un carreteiro e mirar o teito como un namorado, non atopo unha idea nin pra un remedio.

Mais hoxe é outra cousa; si non atopéi unha idea precisamente, lembreime de un vello conto que volvéu á miña memoria, por asociación de ideas, lendo non sei que, non sei cando e non sei onde.

*
* *

Podría començar decindo como miña aboa adoitaba. Unha vez era un rei que tiña seis fillos... Pero non se trata de un rey nin moito menos, e eu sacrificio as galanuras literarias ante a verdade histórica.

Diréi pois, que unha vez era un home habitante en estranas terras. Casouse e nacélle o primeiro fillo. Era a súa ilusión que o seu fillo fose forte, varil, n'unha verba un novo Hércules. Mais con fonda dôr, veu que era todo o contrario do que el cobizaba. No desexo de modificar a súa natureza fixo que o viran as maores eminencias médicas, proporcionóulle emulsión por barriles e reconstituyentes por hectólitos, e o fillo continuaba o mesmo.

Seguí tendo fillos, o todos eles fracos esmirriados, sin forzas. Apelou a todol-os procedementos pra fortalcel-os os sports, a vida no campo, a boa alimentación e... nada conseguía

O probe do home, sentía unha gran envexa pol-as razas fortes. Eran, pra el como semidiosas, os ingleses, os alemans, os austriacos. Leía hasta quedar rendido os métodos de educación física d'istes pobos e non atopaba en ningures nada que non houbese probado.

Mais un día—un bo día, coidaba el—atopou nos estantes da súa biblioteca un vello libro que falaba da forte raza de Euzkadi.

—Oh—decía el—quen houbera nacido vasco!

E n'estas reflexiós, chegou á casa o padriño dos fillos—curmán e confidente d'el—e contóulle a súa pena,

E o compadre tivo de repente—como eu—unha idea luminosa.

—Compadre—dixo—o xa feito non ten remedio. Mais aínda e tempo de enmendar o que non está todavía consumado. Contesteste as preguntas que vou facerlle e dará gracias a Deus por ter á súa veira un curmán de tanto inxenio como eu. Dígame ¿como se chaman os que nacen na Vasconia?

—Vascos, meu compadre.

—Pois ben. A súa dona estalle en meses maores. Con leval-a a Vasconia pra que alí de a luz, nacerálle o fillo forte e varil. Porque si todol-os que nacen na Vasconia son vascos, el seráo; e sendo a raza vasca a mais forte do mundo terá vostede un fillo como un carballo.

E tal como o compadre ordenou, así se fixo. Fóronse a Vasconia, pasaron os meses e nacéu o novo fillo

A súa desilusión foi enorme cando veu que nacéu tan mal fadado como os outros.

E o pobre pai finou tolo, pensando como podían haber fracasado unhas contas tan ben botadas como as do compadre e na súa celda pasaba as horas mortas escribindo nas paredes: PRA SER VASCO E PERCISO ALGO MAIS QUE NACER NA VASCONIA.

*
* *

Eu non sei a que véu o vos contar esta historia. Pero xa dixen que lebreime d'ela por casualidade. Si ten algunha moralexa, vos o veredes e sabredes comprendel-a porque eu non consigo atopal-a.

FRANCISCO ABELAIRA

ADVERTENCIA

Por un erro da imprenta dise na reseña da conferencia de Lousada Diéguez "O noso querido irmán que foi presentado polo noso querido irman" debendo decir «que foi presentado polo señor Cotarelo».

Ao marxe d'unha polémica

Bernardino Quintanilla quere facer un nome nos xornás de Madrid, e para eso non atopou mellor que destinar un artigo en "La libertad" (hai paradoxas) combatindo os desexos d'un catedrático galego, da Universidade galega, de facer que os seus alumnos estuden con interés as ciencias históricas e mais a literatura, adicándose con preferencia á cantas investigacións e estudos se relacionan con Galicia.

Pol-o visto, para o Sr. Quintanilla sería preferible que os alumnos de Santiago mais que a vida de Xelmírez, de Pardo de Cela ou do conde de Traba, debían estudar a de El Cid Campeador, a de Abderraman ou a de Pepe Hillo; e mellor que os moimentos céltigos ou as citanias, as excavacións de Carmona ou de Elche; e antes que a literatura galega que foi nai da hespañola e á que se adican algú sabios profesores alemáns, italianos, ingleses, belgas, franceses etc., deberían ocuparse de romances como aquél:

Era una noche de invierno
sobre las tres de la tarde...

Noustante, ten razón o señor Quintanilla, eso de falar galego, tan ordinario, non senta ben en persoas cultas. Todos os galegos debemos renegar da nosa Terra. Despois podémonos sentir fachendosos.

¡Vaites, vaites co señor Quintanilla!

¡E que home culto debe ser, e que dinol!

CONTIÑO

*Unha velliña moi vella
estando rezando un día
atopouse que os seus rezos
por quen apricar no tiña:*

*Ou rapás, Santa Mariña,
non me diredes a quen
esta salve que me sobra
eu devota adicarei?*

*Ay por Deus, miña abolita,
e pol-a súa bondá,
por qué á Virxe non lle pide
us dentiños pra xantar?*

PEPÉ

Lendo os xornás

Sangue, Sangue

Causa horror e causa noxo ver os xornaes. Por todas partes xurden noticias que estarrecen; delitos repunantes, crimes que poñen medo, infanticidios, secuestros, roubos...

Somella como se toda a maldade que amaña no mais íntimo das xentes quixera saír pra fora, dominar, impoñerse á humanidade enteira. E un preguntase ¿Pero é que na Hespaña non hai outra cousa de que falar nos diarios, para que constantemente nos poñan ante os ollos esas horribres visións tráxicas, esas manifestacións de salvaxe incultura e de carniceira bestialidad?

Non dudo que cando se pode dar o relato detallado d'un espeluznante crime os xornaes véndese máis axiña, as tiradas pódense aumentar na seguranza de que todo o papel ha ser despachado e aínda os mesmos vendedores poden gañar máis diñeiro dobrando o precio da venda co pretexto de se esgotou a edición. Máis, se ese gusto á sangue conque se desaína ún total-as mañás resulta demasiado repunante para certos espritos, para outros, para aqueles que conservan adormentada toda a fereza da súa natureza brava, salvaxe, é perxudicial o lle poñer nos beizos porque pode espertalles o instinto e impulsalos a cometer feitos análogos ou quizais peores dos que ve relatados.

En troques, raras veces vese algo que tenda á fomentar a riqueza do país; que estude algún novo invento útil para o progreso das ciencias, nada que se relacione ca arte; menos aínda cousa que se refira á creación de institutos Para espallamento da cultura, escolas... je moitas, pero moitas escolas son as que se precisan en Hespaña!

Acó en Galicia, os emigrados que comprenden mellor que ninguén a necesidade do saber, van edificando algunhas escolas, rectificando así o desleixamento dos gobernos.

Pero non abonda ese esforzo da vontade particular. E mester que os municipios secunden e é necesrrio tamén que nas escolas se ensine en relación coas necesidades dos nenos que asistan á elas, e de xeito que se lles faga

agradable aos pequenos para que vaian a elas con gusto e aproveiten as ensinanzas.

Os homes de mañán fanse hoxe nas escolas, e se queremos que o país se industrialice, que se intensifique o cultivo, que se melloren todol-os productos, non se debe ensinar aos nenos á agardalo todo da bondade divina, senón a procuralo pol-o seu mesmo traballo; e se lles debe inculcar a idea de que todo se logra coa vontade firme e coa costancia; e amostrarlles que Galicia é rica en minas que agardan quen as explote; que e lugar axeitado para imprantar moitas industrias que aínda non existen en Hespaña, que a súa terra pódese facer máis productiva utilizando modernos procedimentos de cultivo...

E volvendo aos xornaes e referíndonos especialmente aos xornaes de Galicia e máis aos corresponsaes galegos: Pechen d'unha vez as seiciós tráxicas, calen xa co'esos relatos de crímenes e calamidades, non saquen á luz tanta chaga. En troques fagan a vida do país máis culta e máis e máis agradable; pubriquen noticias, comentarios, mostras de progreso que honren e dinifiquen á Galicia.

Se os xornalistas e os corresponsaes son verdadeiramente galegos pensen como cambiaría a nosa Terra se encomenzasen todos á darlle a importancia que realmente ten á nosa propia cultura ao noso arte, ás nosas industrias. e incitasen unha e outra vez o patriotismo e máis a iza dos ricos para que emprendesen rutas industriaes e progresivas.

XAVIER FRAGA

IMPRENTA MORET - MARINA. 28 LA CORUÑA

Loza inglesa para cuartos de baño

escrusiva de


"Royal Doulton Potteries"

A primeira fábrica de Inglaterra

V.^{da} de Novoa

Visitade a exposición

permanente en



Payo Gómez, 6

A CRUÑA

A mais importante do Norte de Hespaña

Vida Marítima e Comercial

Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HIAMBURGO

Servicio regular de vapores correíos a os portos do
BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES
PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía:
Roxelio Fernandez Conde.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.

Sud-Atlantica

Y

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluídos impostos)

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corriente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e cantinas: o precio de 452'60 ptas, incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saidas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.*

Precio en terceira crás
(incruídos impostos)

Correo rápido	ZEELANDIA	7	Junio	472,60 ptas
Correo rápido	ORANIA	28	Juio	482,60 ptas.
Correo rápido	GELRIA	19	Julio	482,60 ptas.
Correo rápido	ZEELANDIA	9	Agosto	472,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	30	Agosto	482,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas, resguardadas, cuartos de baño, duchas etc, levando para servicio dos meses Camareiros, Enfermeiros e Cocifeiros hespáñoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maors de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Axente xeneral da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.^{ña}

Casa central: A CRUÑA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253

Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto

de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

José C. Juncosa

Galera 39 e 41 - 2.º piso—A Cruña

Sombrerería LEMUS

SAN ANDRÉS 74

A CRUÑA

BANCO HISPANO AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros.—Custodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países.—Cobro e desconto de letras.—Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	á	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	6 id.
3	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTEs:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA, e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTIVIDEO

ENEUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XENOVA, E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A mais prazo			convencional

Dirección telegráfica é telefónica: SPAINBANK.